Jacobo Fernández Serrano

Jacobo Fernández naceu en Vigo, no ano 1971.
Ilustrador, pintor e autor de banda deseñada. É o creador da serie de Os Arquivos do Archimboldo Roque para a revista Golfiño, que despois foi publicada nun só álbum. Tras realizar este personaxe converteuse en colaborador da publicación periódica Dos Veces Breve, así como da segunda época da revista BD Banda, na que desenvolve a serie titulada Animais pantasma. Ao mesmo tempo, continúa facendo BD para nenos.

Gañou o III concurso Castelao da Deputación da Coruña coa obra As Aventuras de Cacauequi (2007). Foi candidato aos premios do Saló de Barcelona de 2009 como autor revelación polos álbumes de Archimboldo Roque e de Cacauequi. Licenciado en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid en 1994.

Outras obra súas:
"A gardería de dona Bixelmina". Ed Xerais
"A Pedra e as formigas". Ed Xerais

Personaxes creados por Jacobo

Mil cousas poden pasar

A historia comeza cando unha serea e un tritón, fillos do rei do mar, queren agasallar ao seu pai polo aniversario. Deciden ir á Terra a búsqueda do agasallo. Confúndense e collen unha tuba, levando tamén a Pouco que está a tocala.
A partir deste momento suceden aventuras intrigantes, divertidas, curiosas...
A nós, o alumnado de 6º, esta historia gustounos moitísimo porque ten aventuras que nos gustaría vivir, como cando o río regresa ao seu leito rematando coa guerra. Tamén nos gusta a felicidade de Pouco ao poder expresarse co son da tuba, ou como medra Lina... Estamos desexando que Jacobo Fernández escriba a 2ª parte.